



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

D. Alfredo Dovale Pedreira, Alcalde do Concello de Mañón,

A Orde de 28 de decembro de 2023 de Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, regula os criterios de repartición e establece as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2024.

Con data 23 de febreiro de 2024 polo Concello presentouse solicitude de subvención ó amparo da referida Orde para o Proxecto de actuacións de protección do ambiente e do espazo natural no que se inclúe o funcionamento do servizo de brigada de protección de medio ambiente e espazo natural.

O artigo 7 da Orde establece que serán subvencionables os custos de funcionamento de servizos municipais adicados á protección do medio ambiente e do espazo natural en que incorrese a entidade solicitante, incluso aqueles que se efectuasen con anterioridade á publicación da Orde.

Considerando a urxencia na execución iníciase a contratación mediante acordo da Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 24 de abril na que se aproba a convocatoria e as bases reguladoras.

Rematado o proceso selectivo, previa proposta do Tribunal cualificador, por Decreto da Alcaldía n.º 121/2024 de data 13 de maio apróbase a contratación de dez peóns a a lista de reserva correspondente.

Con data 16 de maio unha das persoas contratadas presenta renuncia ó posto de traballo.

Analízase a lista de reserva e compróbase que non existen persoas dispoñibles ó estar todas contratadas.

Considerando a conveniencia de completar as brigadas de protección de medio ambiente e espazo natural

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a convocatoria para a contratación laboral temporal dunha praza de peón para a actuación “Brigada de protección de medio ambiente e espazo natural” (Fondo de Compensación Ambiental, liña non competitiva. Anualidade 2024).

A contratación rexirase polas bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 24 de abril de 2024.

SEGUNDO.- Publicar a convocatoria nos taboleiros de anuncios do Concello.

As solicitudes para tomar parte no proceso poderán presentarse no prazo de cinco días naturais, contados dende o día seguinte ó da publicación da convocatoria nos taboleiros de anuncios do Concello.

TERCEIRO.- Facultar ó Sr. Alcalde D. Alfredo Dovale Pedreira para a realización dos actos e a sinatura dos documentos que sexan necesarios para a execución do presente acordo.

O Alcalde.

Alfredo Dovale Pedreira.